

# CASA DO SILENCIO

Jon Jost, 2023

# 1203

ESTREA EN NUMAX: 01.II.2023 | V.G.

En 2022 o realizador estadounidense Jon Jost recibe un convite do cineasta venezolano de ascendencia galega Diego Salomon para visitalo á súa casa familiar en Galicia. Tras pasar tres semanas no rural galego Jost atopa unha historia derivada dos tabús familiares dunha familia galega emigrada a Venezuela.

"Un retrato cinematográfico dunha pequena parte de Galicia con cantantes, poetas, paisaxes e xente do común que tenta chegar ao espírito deste lugar. Como sucede na poesía, é oblicuo, indirecto e alude a historias que non podemos contarnos a nós mesmos" (Jon Jost)



## As palabras non ditas

Notas previas de Jon Jost

Unha película sen guión, seguindo a miña propia práctica desde hai máis de 60 anos. Un filme de ton-poema cunha narrativa vaga. Para ser rodado nunha fermosa casa de campo preto de Santiago de Compostela. Esta casa está anexa a unha gran finca e unha terceira máis rústica, pero tamén grande.

A “historia” deriva en realidade do lugar e será moi oblicua, poética, tratando sobre un home que casou cunha muller, e tivo dous fillos. Emigrou, como moitos galegos, a Venezuela, e alí tivo un negocio e un local. Enviou á súa muller a Venezuela, e logo divorciouse dela... e casou coa súa irmá. Coa súa nova muller tivo dous fillos máis. Eu son amigo dun dos netos, criado en Venezuela e pertencente á liña familiar da primeira muller. El foi quen me convidou a visitar esta terra e quen me contou esta historia pensando que eu podería facer algo diso. Ademais el estivo preto de min durante todo o proceso pois quere aprender algo sobre cinema.

Pasei alí tres semanas entre maio e xuño de 2023. Coñecín a moitos veciños e pensei algunhas formas de presentar esta historia de xeito poético, cinematográfico e moi oblicuo. Espero involucrar a algunhas persoas locais na película, así como quizais algúns cantantes e/ou actores profesionais galegos. A forma de contar e de “atopar” a película será simultánea ao propio proceso de realizala.

Desexo utilizar os tres motivos principais que utiliza a música tradicional galega como títulos estruturais dos tres capítulos que compoñen a película: a canción de amor correspondida; a non correspondida; a sarcástica e crítica coa propia canción romántica.

Normalmente non uso guións, aínda que ás veces desenvolvo bosquejos moi fragmentarios durante a rodaxe e ao final a película produce o seu propio guión. Hai tempo que fixen películas con guión completo pero tamén hai tempo que me gusta traballar de forma intuitiva, sen guión, con ideas vagas para construír.

Neste caso non teño decidido como abordar isto, pero creo que non será naturalista senón formalista, utilizando elementos visuais moi cinematográficas como é o meu xeito habitual. Sexa cal sexa o método que se empregue, desexo que estea firmemente enraizado nas cousas galegas: actitudes, calidades visuais, unha tonalidade. Por suposto rodarase en galego.